

O artista betanceiro

MANUEL CRESTAR DIAZ:

entre a bohemia e o compromiso

XESÚS TORRES REGUEIRO*

Sumario

Abórdase a figura do artista, escasamente coñecido, Manuel Crestar (Betanzos, 1900), de quen se perde a pista ao remate da guerra civil en 1939 e do que se recuperan algúns debuxos, óleos e caricaturas.

Abstract

Dealing with the little-known artist, Manuel Crestar (Betanzos 1900) who was lost track of at the end of the Civil War in 1939 of whose works have been retrieved some drawings, oil paintings and caricatures.

Tiñamos escoitado falar do betanceiro Manolo Crestar (irmán de Luisa, poetisa local xa desaparecida e xenerosa bibliófila que donou os seus libros para a Biblioteca Pública de Betanzos), como debuxante e caricaturista, de quen pouco máis se sabía que esa adicación artística e a súa ausencia prolongada da vila natal dende antes da guerra civil. Ninguén en Betanzos me soubo dar máis detalles da súa persoa.

Cando o amigo Dionisio Pereira recuperou nun seu traballo sobre os libertarios galegos na guerra civil (1) un gravado de Crestar alusivo á represión fascista en Betanzos que fora publicado en *Galicia-Libre*, “portavoz de los gallegos libertarios”, no número que apareceu en Madrid o 20 de xaneiro de 1938, preguntoume por este artista local e pouco lle souben dicir. Quedamos en informarnos máis polo miúdo da actividade deste home. Quizais fose a recuperación e o coñecimento deste gravado a causa de interesarme máis por pescudar as pegadas artísticas e vitais de Manolo Crestar Díaz.

Con todo, a reprodución do gravado non fora moi afortunada. Tempo despois, Dionisio pasoume unha copia fotográfica e recentemente ao ordenar documentos e papeis atopeina e publikeina no número 11 de *A Xanela*, correspondente á primavera de 2001, ilustrando o artigo “Manolo Crestar. O bohemio libertario que retratou a represión do 36 en Betanzos”.

Os Crestar eran unha familia de canteiros asentada en Betanzos dende mediados do século XIX, cando o canteiro pontevedrés Xoán Crestar, de Moaña, veu traballar á nosa vila. Aquí casou con Lorenza Faraldo. Tiveron polo menos tres fillos: Gregorio, Xacobe e Antonio, que tamén foron canteiros. Gregorio casou en Miño, onde naceu un dos seus fillos que había acadar relevancia entre a emigración galega no Uruguai. Falamos de Antón Crestar, tamén debuxante e caricaturista, hoxe con rúa no seu Miño natal (2).

* **Xesús Torres Regueiro é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia.**

1 Publicado en *O 36 na Galiza*, número especial de *A Nosa Terra* dentro da colección “A Nosa historia”, 2ª edición corrixida e aumentada, Vigo 1987

2 Sobre este Antón Crestar (finado en Montevideo o 1 de novembro de 1983 aos oitenta e sete anos) di a Gran Enciclopedia Gallega, (Silverio Cañada, editor, Gijón), tomo 8, páx. 28:

Xacobe Crestar Faraldo, nado en 1870, primeiro canteiro e posteriormente mestre de obras, deixou amosas do seu bó facer na vila betanceira: as obras do ensanche da Porta da Vila en 1909, a fonte de Picachá en 1911, a desaparecida casa de dona Agueda, a base do palco da música en 1919,..., entre outras moitas obras anónimas e menores. Finou en 1940. Esta predisposición artística que Xacobe demostrou no traballo da pedra semella que deixou pouso nos fillos: Xosé exercía como escultor cando, á morte de Francisco Xavier Martínez Santiso, en 1934, solicita a praza de «inteligente en obras municipales» do Concello, onde desempeñaría maiormente o seu traballo como canteiro e esculpindo algún panteón do cemiterio; logo viviu en Bemantes como un artista bohemio, falecendo no Asilo de Betanzos en 1966. Eduardo ten debuxado cuarteróns do globo de San Roque, ao igual que o seu fillo Eduardo Crestar Ramos, hoxe viciño de Ourense. E Manuel, o maior dos irmáns, protagonista e causante destas liñas, adicouse tamén ao debuxo e caricatura. Ademáis destes tres varóns, Xacobe tivo do seu matrimonio con Enriqueta Díaz Vázquez seis fillas: María, Luisa, Xaquina, Enriqueta, Mercedes e Aurora. Familia abondosa, pois, a dos Crestar. Como eran moitas naqueles tempos.


Manuel naceu co cambio de século. Concretamente o 21 de decembro de 1900. Era, como xa se dixo, o primoxénito do matrimonio e naceu no primeiro andar da casa que daquela levaba o número 80 da rúa da Ribeira. Logo a familia trasladouse á casa dos avós maternos, no número 7 da Rúa Travesa, ao morreren estes, onde unha irmá solteira da nai rexentaba unha tenda.

Descoñezo se Manuel realizou outros estudos que non fosen os primarios. Temos escoitado que traballou un tempo de empregado da Casa Núñez e quizá se iniciara na tenda familiar cos trafegos comerciais. Supoñemos que, ao igual que o seu irmán e posteriormente o seu sobriño, Manolo faría os seus inicios artísticos debuxando os cuarteróns do globo de San Roque máis dunha vez. É unha mágoa que daquela non se gardasen ou publicasen, como se ven facendo duns anos para acá, os bocetos dos debuxos do globo, convertíndoos así nunha arte tan efémera como o escaso tempo que transcorre dende que a hinchazón do globo permite velos ate que este comeza a subir. En novembro de 1921, Manolo Crestar dá a coñecer na Coruña os seus debuxos e caricaturas, nunha exposición da que daba conta a publicación nacionalista *A Nosa Terra* deste xeito:

Na ‘Casa Galicia-América’ da Cruña, Crestar, un rapaz betanceiro moi estimado por nosoutros, fixo unha Exposición de caricaturas e debuxos decorativos, metidos en cór, que foi loubada en xustiza pol-as milleiras de visitantes que a ela concurriron.

Crestar, que xa val moito, promete chegar ô cumio do trunfo, si sigue traballando con fe e constancia.

“CRESTAR, Antón. Natural de Miño (La Coruña), donde nació el 19 de mayo de 1896, reside en Uruguay desde 1909. Lleva realizado en aquel país una fecunda labor en pro de Galicia y su cultura, como lo evidencia el hecho de ser uno de los fundadores de *Galeuzka* (conjunción de Galicia, Euzkadi y Catalunya) y de la *Irmadade Galeguista*. Llegó también a ocupar la presidencia del Centro Gallego de su país de residencia y allí dirige la Comisión de Fomento de la única escuela en América que lleva el nombre de Galicia. Antón Crestar cultiva asimismo las artes plásticas, principalmente el dibujo y la escultura; una de sus obras, laureada en 1951, figura en el Museo de Durazno. Está en posesión de la *Vieira de prata*, máximo galardón del Patronato de Cultura Gallega.”



Entre la pléyade de pintores y dibujantes nuevos con que cuenta Galicia, Manuel Crestar se destaca ya con una sólida personalidad definida. Inició su obra en la emigración, en Cuba, y en las grandes publicaciones de la Habana, "Confetti", "Cascabel", "Civilización" y "Social" puede verse la enorme labor artística que Manuel Crestar ha realizado en la Perla de las Antillas.

De regreso a España, celebró su primera exposición de caricaturas en la ciudad de La Coruña y en la Casa América-Galicia. Fué, tal vez, la primera exposición celebrada en la capital gallega en donde el expositor vendió todas sus obras. En la actualidad reside en Madrid de donde nos llegan halagüeñas noticias sobre sus triunfos artísticos.

La caricatura personal de que Manuel Crestar hace una original creación, tiene en nuestro amigo uno de sus más altos y afortunados cultores.

Para CELTIGA hizo especialmente la del escultor gallego Santiago Bonome — todo un acierto — que publicamos en otro lugar de este número.

Concurrió a la última exposición de los artistas libres celebrada en Madrid con un buen número de acuarelas de paisajes y motivos gallegos que fueron unánimemente elogiados por la alta crítica de la Península.

No es difícil que dentro de algún tiempo nos visite.

Desde ya, sepa el artista que aquí le esperan los brazos abiertos de todos los que nos consideramos sus amigos.

Bonome
Madrid 31.5.926

Para la revista "Celtiga"

MANUEL CRESTAR

(VISTO POR BONOME)



Para los verdaderos fumadores

SUPERAN

a todos los importados y los del país

20 ~ 30 ~ 40 Cts.

Página dedicada a Crestar na revista *Celtiga* (Buenos Aires, *Día de Galicia* de 1926).

**TERCERA EXPOSICIÓN DE ARTE GALLEGO
LA CORUÑA**

NÚMERO DE ORDEN _____ NÚMERO DE INSCRIPCIÓN _____

BOLETIN DE INSCRIPCIÓN

Nombre y apellidos del expositor *Manuel Crestar (Crestar)*

Lugar de su residencia *Madrid*

GÉNERO	TÍTULO	DIMENSIONES		PRECIO Pesetas	Si autoriza la venta
		ALTO	LARGO		
<i>Caricatura</i>	<i>S. Lourenza</i>	<i>60</i>	<i>47</i>	<i>100</i>	<i>SI</i>
<i>"id."</i>	<i>Abelenda</i>	<i>74</i>	<i>59</i>	<i>100</i>	<i>"</i>
<i>"id."</i>	<i>José de Villar</i>	<i>60</i>	<i>52</i>	<i>100</i>	<i>"</i>
<i>"id."</i>	<i>Bosconi</i>	<i>74</i>	<i>59</i>	<i>100</i>	<i>"</i>

Las obras deben hallarse en La Coruña entre del 1.º de Agosto.


Fecha *30-VII-1923*

(Firma del expositor)
Manuel Crestar

NOTA.—Esta hoja debe ser devuelta antes del 20 de Julio al Sr. secretario del Comité Ejecutivo.—Palacio Municipal.

*Boletín de inscripción
coas obras aportadas
por Crestar á 3ª
Exposición de Arte
Gallego celebrada na
Coruña en 1923.
(Documento orixinal
no arquivo do autor;
mercado nunha
librería de vello na
Coruña en 1985.)*

¿Por qué o órgano das Irmandades da Fala ten tanta consideración con este mozo? ¿Sentíase, acaso, Crestar próximo ao ideario do movemento irmandiño? Tamén en *Rexurdimento*, órgano dos intereses mariñáns, editado en Betanzos polos “irmandiños” betanceiros reférense en setembro de 1922, baixo o rubro “Artistas de Betanzos”, a “...o enxebre Crestar, que tantos laureiros ten levados en algunhas esposicións recentemente celebradas. Este, como Veiga, han ser admirados por nosos lectores, xa que nos conceden o gran favor de colaborar na parte artística do noso boletín.” Mais, se ben de Veiga Roel apareceu algunha colaboración, non foi ese o caso de Crestar. Nin en *Rexurdimento* nin, dito sexa de paso, en ningunha outra publicación local, fose programa de festas ou a *Revista Núñez* editada pola casa comercial na que disque foi empregado e na que si apareceron dibuxos do seu amigo Abelenda.



*O pintor Ricardo Camino visto por Crestar
(Galicia, nº 58, A Coruña, 28-IX-1925)*

Agora sabemos, gracias aos papeis da Irmandade da Fala de Betanzos doados ao noso arquivo municipal, que Manolo Crestar non só simpatizaba con este movemento senón que incluso foi un dos directivos da Irmandade local durante os anos 1918 e 1919. Mais nese mesmo ano da exposición citada ten lugar uns meses antes, en Abril, a III Asamblea



SANTIAGO
BONOME

Ninguna consagración más sólida y más imprevista que esta de Bonome. En el triunfo de nuestro escultor más personal, que llega a Madrid y asombra con sus geniales muñecos, pasando de la oscuridad más absoluta, al primer plano de la atención nacional, hay algo de la predestinación y del romanticismo, que rodea la consagración de todos los artistas gallegos de la última promoción. Casi hay derecho a suponer que España empieza a saldar la secular deuda de incomprensión y de ingratitud que tiene con Galicia.

Debióramos de intentar, y hemos de hacerlo, en otro número, un ensayo de ubicación estética y de filiación espiritual de este joven triunfador. La crítica acerca de los valores gallegos, anduvo siempre por manos extrañas. Y en pocos países, como el nuestro, depende tanto el arte del medio — paisa-

je, ciudad, folk - lore — para ser clasificado, comprendido y descubierto su impulso esencial y primario, desconociendo los factores periféricos que obran sobre el individuo, modelando la vocación y sugiriendo la obra.

Sin embargo, Margarita Nelken, escritora de enorme cultura, crítico sagaz y de buen juicio, dedica a Bonome las palabras que a continuación transcribimos, llenas de conceptos exactos; como también las de José Francés e: cual, aunque no siempre acierta, es buen amigo nuestro y conoce, amándola, por lo tanto, a nuestra Galicia.


Para "Céltiga"

EL ESPEVILTOR BONOME
V I S T O R
© B E T A R

Caricatura de Bonome publicada en Céltiga (Buenos Aires, Día de Galicia de 1926).

Nazonalista en Vigo e aparece o nome de Manuel Crestar enviando a súa adhesión dende A Habana. ¿Será este o noso home? ¿Tería marchado a Cuba en 1919 para voltar un par de anos despois? Semella que sí, segundo o que conta o seu curmán Antón Crestar nunhas memorias (3), ao falar das viaxes que facía como fogoneiro dun barco polos anos da I Guerra Mundial e posteriores:

Nunha das viaxes coñecín a un curmán de Betanzos, Manolo Crestar Díaz. Era un bohemio. Debuxaba nunha revista que se editaba na Habana: *Bohemia*. Díxome que quería trasladarse a Nova York. Deille unha carta para a pousada na que eu paraba para que lle desen o que precisaba e uns dólares para os primeiros gastos. Nin marchou para Nova York nin souben máis del ata que rematou a guerra civil española, despois da cal apareceu nun campo de concentración a onde lle mandei algúns recursos por intermedio dun amigo que estaba en París. El quería facer unha exposición das súas obras en París, cousa que non sei se chegou a realizar, pois non volvíñ ter noticias del.



Abelenda, visto por Crestar

*O pintor Manuel Abelenda por Crestar
(Galicia, Diario de Vigo, 3 de agosto
de 1923).*

Non aclara Antón en que ano coñeceu nin onde ao curmán Manolo, mais sobreentendemos que foi na propia Habana. Nunha consulta nos padróns municipais desa época atopamos que no realizado en 1920, na folla correspondente á familia Crestar sinálase que Manuel “se halla en Cuba, hace 1 año”. As cousas van cadrando. Mais non adiantemos acontecementos. Porque se o bohemio que debuxaba para *Bohemia* (e non só para esta senón tamén para as revistas habaneras *Confetti*, *Cascabel*, *Civilización* e *Social*, segundo a galego-bonaerense *Céltiga*) non marchou a Nova York si o fixo — quizais por razóns de morriña ou por decatarse de que as Américas non eran para el— en dirección a Galicia. Témolos, pois, a finais de 1921 expoñendo na Coruña, de volta da Habana, participando en tertulias e preparando novas exposicións.

Unha das máis famosas tertulias da época era a do café La Peña, da Coruña, frecuentada por numerosos intelectuais, escritores, pintores e artistas. Entre estes atopábanse Abelenda, Bonome, Cebreiro, González Villar, Huici, Núñez Carnicer, Seijo Rubio e outros

3 Publicáronse como apéndice no libro *A emigración*, de Carlos Sixirei, Biblioteca Básica da Cultura Galega, Edt. Galaxia, Vigo, 1988.




Caricatura de Álvaro Cebreiro visto por Crestar (Gráfica, A Coruña, 1922).

moitos. En *La Peña y la peña* (Editorial Moret, A Coruña, 1951, edición non venal), curioso libro sobre esta tertulia vivida dende dentro, Julio R. Yordi inclúe entre os que “con nosotros han compartido los divanes de la Peña” a Manolo Crestar, “el caricaturista brigantino, un poco poseído de su importancia de ojo seguro y tiro certero para cazar piezas en sintéticos y expresivos dibujos...”

Moitos destes siareiros de La Peña colaborarían na famosa revista *Alfar*, de primeiras *Revista de Casa América-Galicia*, que editaba na Coruña o cónsul uruguaio Julio J. Casal. Porén, non atopamos en *Alfar* ningunha colaboración asinada por Crestar, por máis que no local daquela Casa América celebrara a exitosa exposición de 1921.

No verán de 1923 celébrase na Coruña a III Exposición de Arte Gallego. A ela concurren dous betanceiros: Xosé Veiga Roel e Manolo Crestar, quen por entón atópase en Madrid. O primeiro presentou un debuxo a pruma e o segundo catro




!!! EL PRESIDENTE !!!

Caricatura de Crestar (Acción Coruñesa, nº 70, A Coruña, 27-1-1922.)

caricaturas de gran formato doutros tantos personaxes coruñeses, próximos ao seu circo de amizades e membros da tertulia da Peña: Longueira, o pintor Abelenda, o arquitecto González Villar e o escultor Bonome. Na mesma exposición Abelenda presentaba entre as súas obras un retrato de Crestar, en xusta correspondencia.

E é moi probable que as caricaturas pasaran a propiedade dos caricaturizados ou dalgún particular, xa que foron postas á venda ao precio de cen pesetas cada unha. Iso pode explicar que nunca viramos publicadas as de Longueira e González Villar, pois as dos outros dous, pintor e escultor, deben ser as mesmas que apareceron no diario *Galicia* de Vigo do día 3 de agosto de 1923, e en *Céltiga*, no número correspondente ao Día de Galicia de 1926, respectivamente. Aínda que esta última pode tratarse doutra variante, pois a publicada está dedicada expresamente para a revista.

Outra caricatura que coñecemos desa época é a moi orixinal que fixo do seu amigo e contertullio Álvaro Cebreiro (un gran mestre da caricatura dende os anos xuvenís que foi á súa vez moi caricaturizado por outros). Publicouse a toda páxina na revista coruñesa *Gráfica*, antecedente de *Alfar*, por 1922. E recupereina nun artigo sobre “Álvaro Cebreiro e Betanzos” no periódico *Betanzos y su comarca*, febreiro de 1994, cando organizamos en Eira Vella a exposición antolóxica do artista coruñés. Tamén nese 1922 Crestar publicou unha caricatura no semanario republicano *Acción Coruñesa*, concretamente no número 70 do 27 de xaneiro. Leva como pé a seguinte exclamación: «¡¡¡El presidente!!!». Representa a un persoeiro con gafas de cego e co fuciño rematado coma o peteiro dun loro. Quizá faga alusión ao nomeamento do presidente da corporación coruñesa, xa que viñan de celebrarse eleccións municipais e era tradición na Coruña que o goberno nomease



— D I B U J O S —

: MANOLO CRESTAR :—

Por Manuel Abelenda.

Han transcurrido aproximadamente seis años desde que este originalísimo dibujante hizo su primera exposición de caricaturas y dibujos en La Coruña; desde entonces se ha transformado de un modo prodigioso el arte de Crestar que merece se le consagre y clasifique entre los primeros dibujantes españoles.

Antes de ahora, este excelente dibujante dedicábase a la caricatura, y fueron muchos sus aciertos en este género; ansiando educar su espíritu, dedicóse con verdadera fiebre a la lectura de obras maestras, sintiendo predilección por los grandes escritores rusos, y en ellas encontró Crestar una nueva luz que iluminaría futuros horizontes.

Y más tarde, esta influencia espiritual le conduce a senderos poco trillados; entonces sus dibujos llevan marcado el sello de una gran inquietud y en algunos el presagio de una elevada personalidad, de la realidad de un sueño, del suyo.

Sus caricaturas nada tienen de la vulgaridad habitual latente en la mayor parte de nuestros caricaturistas; de vez en cuando—y de esto hace tres o cuatro años—su afán de originalizarse no le prohibía hacer incursiones en el arte de los grandes humoristas extranjeros y de vez en cuando en el del genial Bagaria, maestro de síntesis; pero eran perdonables estas escapatorias, si se tiene en cuenta que el afán de perfección le tenía en continuo desasosiego, y además, que clase de maestros elegía para compañeros espirituales de su peregrinación artística por este florido, y más que florido espinoso, camino del Arte.

He visto las últimas obras de Manolo Crestar: el caricaturista es hoy un psicólogo eminentemente; pero el dibujante, el soñador de su excelso arte se ha sublimizado.

Son quimeras y sueños teosóficos sus asuntos predilectos; en su nueva modalidad, aún los dibujos que hace ante la realidad sufren la transformación que le impone su refinado espíritu de consciente innovador.

Lo inesperado para mí, que conocía toda su producción anterior, ha sido la delicadísima coloración de estos últimos dibujos: instintivamente o a sabiendas, gamas de una riqueza maravillosa avaloran su obra.

Infinidad de matices verdosos son su obsesión en un solo dibujo cuyo motivo es una fantástica quimera; y, la fumadora de opio, destaca su palidez de cera en un fondo de morados y azules. En una armónica sinfonía de amarillos rie faunescamente una bella figura de mujer.

Envía una gran cantidad de dibujos a la Exposición de Otoño y espero que el nombre de Manolo Crestar haga en Madrid la revolución que hizo el de otro genial artista gallego, el del escultor Bonome, hoy mimado por grandes hombres y admirado en toda España y en el extranjero.

Manuel Abelenda

La Coruña, 12-VIII-925.

Artigo sobre Manolo Crestar publicado polo pintor Abelenda na revista Galicia (nº 52, A Coruña, 17 de agosto de 1925).



despois por Real Orde un Alcalde-presidente monárquico para contrarrestar a habitual maioría republicana. Esta única colaboración de Crestar no semanario republicano semella motivada polas referencias que lle dedicaron uns meses antes e pola súa amizade con algúns colaboradores da publicación, caso de Cebreiro, Rafael González Villar e Ricardo Camino, a quen o semanario lle organiza unha suscripción ao seu favor para que poida cursar estudos artísticos en Madrid.

En 1925 o pintor Manuel Abelenda dedicáballe a Crestar un louvador artigo na revista coruñesa *Galicia* (nº 52, 17-8-25) e nel anuncia que o debuxante betanceiro acudiría cun gran cantidade de debuxos á Exposición de Outono que se ía celebrar en Madrid. Destacaba o pintor amigo, coñecedor de toda a súa produción anterior, a “delicadísima coloración” dos novos debuxos que tiñan por asunto predilecto “quimeras y sueños teosóficos”. Nesa mesma revista reproducíase pouco despois (nº 58, 28-9-25) unha caricatura do pintor coruñés Ricardo Camino, visto por Crestar. Este pintor e o citado escultor e tallista Bonome, aos que lle unía grande amizade, eran practicamente da mesma idade que o betanceiro. Algo máis novo era Cebreiro, mentres que o pintor Abelenda leváballe uns once anos a Crestar. Non debía ser unicamente a amizade o que levaba a Abelenda a consideralo un “originalísimo dibujante” cunha transformación crecente que “merece se le consagre y clasifique entre los primeros dibujantes españoles”.

Unha das mellores revistas da emigración galega era *Céltiga*, que dirixían en Buenos Aires Eliseo Pulpeiro, Eduardo Blanco Amor e Ramón Suárez Picallo. No número especial do Día de Galicia de 1926 ten Crestar un protagonismo estelar: un eloxioso artigo acompañado dunha caricatura en madeira que lle fai Bonome ocupa unha páxina titulada “Manuel Crestar (visto por Bonome)”; á súa vez, a caricatura que Crestar lle fai a Bonome ocupa outra (“El escultor Bonome visto por Crestar”). Sobre o betanceiro, dise o seguinte:

Entre la pléyade de pintores y dibujantes nuevos con que cuenta Galicia, Manuel Crestar se destaca ya con una sólida personalidad definida. Inició su obra en la emigración, en Cuba, y en las grandes publicaciones de la Habana, “Confetti”, “Cascabel”, “Civilización” y “Social” puede verse la enorme labor artística que Manuel Crestar ha realizado en la Perla de las Antillas.

De regreso a España, celebró su primera exposición de caricaturas en la ciudad de La Coruña y en la Casa América-Galicia. Fué, tal vez, la primera exposición celebrada en la capital gallega en donde el expositor vendió todas sus obras. En la actualidad reside en Madrid de donde nos llegan halagüeñas noticias sobre sus triunfos artísticos.

La caricatura personal de que Manuel Crestar hace una original creación, tiene en nuestro amigo uno de sus más altos y afortunados cultores.



*Debuxo de Crestar denunciando a represión fascista en Betanzos.
Publicado en Galicia-Libre, «portavoz de
los gallegos libertarios»,
Madrid, 20-I-1938.*

Para CÉLTIGA hizo especialmente la del escultor gallego Santiago Bonome —todo un acierto— que publicamos en otro lugar de este número.

Concurrió a la última exposición de los artistas libres celebrada en Madrid con un buen número de acuarelas de paisajes y motivos gallegos que fueron unánimemente elogiados por la alta crítica de la Península.

No es difícil que dentro de algún tiempo nos visite.

Desde ya, sepa el artista que aquí le esperan los brazos abiertos de todos los que nos consideramos sus amigos.”

Hoxe Bonome está un pouco esquencido máis no seu tempo acadara certa sona. Escultor e tallista en madeira, especializado en figuras de pequeno tamaño nas que percura a expresividade nun estilo entre finisecular e de vangarda, algún crítico ten sinalado o ton sarcástico das súas obras, expresado en modelos próximos á caricatura. Xa que logo, podemos albiscar aí un punto de contacto entre a súa obra e a de Crestar, amizade aparte.

En Madrid debeu botar o noso home un tempo, quizais convivindo co propio Santiago Bonome (a caricatura que este lle fai está datada en Madrid o 31 de maio de 1926), e descoñezo se colaborou nalgunha publicación madrileña. Quizais a fortuna agardada e que lle desexara Abelenda non chegou para Crestar. A Buenos Aires non debeu chegar a ir, pese aos bos desexos dos “céltigos”.

En 1930 o crítico E. Estévez Ortega, na súa obra *Arte Gallego* (Editorial Lux, Barcelona, 1930), cita nunha relación de humoristas e caricaturistas, moi ben acompañado:

«El humorista gallego, el caricaturista gallego, es de los más originales y están dotados todos de un gran sentido social y ético. Todos ellos, y la lista podría extenderse considerablemente, Castelao, Ribas, Prada, Vidales Tomé, Maside, Cebreiro, Crestar, Padín, etc., tienen, con la intención caricatural de la línea, mejor o peor lograda, una ideología cómica que se trasluce en leyendas de indiscutible espiritualidad humorística, producto de una substancia eminentemente popular.»

Polos anos da II República, siquera momentaneamente, Manuel Crestar atópase en Betanzos: no padrón de habitantes de 1931 Manuel aparece censado na casa familiar da Rúa Travesa como comerciante (seguramente atendendo a tenda familiar) e solteiro aos seus trinta anos; en 1936 figura como membro nun xurado do Liceo Recreativo, se é que non hai confusión con outro irmán. Para daquela semella terse alonxado do nacionalismo aínda que tampouco o atopamos relacionado cos anarquistas locais. Despois veu o golpe militar do 36 e a Guerra Civil, que non sabemos onde collería a Crestar. O que é obvio, polo que dixemos ao principio, é a súa participación no campo republicano. E quizais non foi ata este momento cando contacta co movemento libertario. ¿Atopárase en Madrid ou pasaríase dende a Galicia tomada polos golpistas? O certo é que vai seguindo quizais o itinerario oficial dunha República en devalo: Madrid-Valencia-Barcelona, pasando por último a Francia como testemuña o seu curmán Antón (4). En Valencia está documentada a súa

4 Recentemente souben que nunha comunicación sobre *Os libertarios galegos e o seu exilio*, presentada por Dionisio Pereira e Eliseo Fernández ao “Congreso Homenaxe ao Exilio Galego, 1936-1975”, celebrado en Pontevedra en xaneiro de 2001, dise que Manuel Crestar exiliouse na Arxentina. Posto en contacto co primeiro dos autores e amosándolle as miñas dúbidas, afirmoume que non tiñan certeza de tal feito e que quizais o dato poidera ser erróneo. Do mesmo xeito que o era o presunto exilio uruguaio que se lle atribúe a Manuel Crestar na *Enciclopedia Ir Indo*, quizais confundido co seu curmán Antón, quen tamén aparece unhas liñas antes.

participación na directiva da Agrupación de Gallegos Libertarios, da CNT, segundo publica a citada publicación *Galicia Libre* no número do 10 de marzo de 1938.

Con todo o horror xeral da guerra, a Crestar debeulle impactar fortemente a crúa e salvaxe represión que os elementos golpistas levaron a cabo na súa vila natal contra os militantes republicanos, socialistas e anarquistas. De aí que quixera denunciála graficamente cun gravado alusivo á represión exercida na súa vila natal. En xaneiro de 1938, cando se publica o gravado, as vítimas de paseos e fusilamentos en Betanzos eran vinteseis, ademais de dous mariñeiros da Armada fusilados en Ferrol, cifra que aumentaría finalmente ate os trinta e tres. Dende mozos de dezaioito a vellos de sesenta e seis. Algúns serían compañeiros de xogos infantís, moitos amigos, correligionarios outros, coñecidos todos ou case todos. Dentro da dor xeral da guerra, a noticia dos asasinatos na retagarda daqueles conveciños debeu mancar fondamente a Crestar para motivalo a facer este gravado, unha patética estampa que, na denuncia do horror e mesmo na súa calidade, ben se pode comparar coas dos álbumes “Atila en Galicia” e “Galicia Mártir” de Castelao ou cos debuxos de guerra de Arturo Souto.

¿Sairía ben librado Crestar do seu paso polo campo de concentración francés? ¿Ou foi unha de tantas vítimas deles e da posterior resistencia contra os alemáns? O certo é que aí rematan as noticias ou referencias contrastadas sobre Manolo Crestar, o artista betanceiro frustrado que pasou do compromiso co nacionalismo galego ao anarquismo tras recalar un tempo na bohemia cubana.



*Autocartoon
acuarelada de
Crestar, facendo
o servizo militar.
Doación de Luisa
Crestar ó Museo
das Mariñas o
27-VI-1985 (nº de
registro, 915).*



*Dous óleos
de Crestar
con motivos
betanceiros.
Doación de Luisa
Crestar ao Museo
das Mariñas o 27-
VI-1985 (o de
arriba, rexistrado
co n° 914 e o de
abaixo, co 913).*

